



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA O EDIFICIO DESTINADO A NOVAS TECNOLOXÍAS NA PRAZA ANXO FERNÁNDEZ GÓMEZ DE LUGO (Proxecto 13UR1101 URBAN Edificio novas tecnoloxías) E O CENTRO CULTURAL DO VELLO CÁRCERE (Proxecto 09UR2201 URBAN Centro Social e Cultural Antigo Cárcere). EXP. REF 33-2015

Sendo as 13:15 horas do día 18 de abril de 2016, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo municipal de Contratación, Patrimonio e Fomento e actuando como vocais dona Ana Isabel Sáez Mancebo, letrada asesora do Concello, dona Elva Anido Anido, xefa do servizo municipal de Intervención e don Mario Benigno Rodríguez Arias, técnico do servizo municipal de Informática. Actúa como secretario da mesa don Manuel Louzao Aldariz, técnico de administración xeral do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Asiste tamén ao acto don Pedro Cota Gómez, em representación de NORTCONSULTING SISTEMAS S.L.U.

Abre a sesión o sr. Presidente e toma a palabra o secretario da mesa que explica que se convoca a sesión da mesa para dar lectura ao informe técnico solicitado pola mesa sobre o cumprimento das prescricións técnicas por parte da oferta seleccionada na anterior sesión da mesa de contratación, presentada pola empresa NORTCONSULTING SISTEMAS S.L.U.

No informe emitido polo técnico de informática com data 22 de xaneiro de 2016, conclúese que á vista das razóns expostas no informe, a oferta técnica da empresa adxudicataria non se axusta ao prego técnico. Tras a emisión deste informe, por parte do servizo de contratación foi concedido un trámite de audiencia á empresa interesada, NORTCONSTULTING SISTEMAS S.L.U, com remisión do informe sinalado, aos efectos de que puidese realizar as aclaracións que estimase pertinentes, o cal levou a cabo a través do escrito presentado no Concello con data 8 de febreiro de 2016 (Rexistro de entrada 2016007183), do cal se da lectura igualmente neste momento para coñecemento de todos os membros da mesa de contratación e no que se conclúe que coas aclaracións realizadas dase cumprimento ao prego técnico.

Á vista do escrito de alegacións presentado pola empresa, do cal se deu traslado ao servizo de informática, con data 6 de abril de 2016 foi emitido u novo informe por parte do analista programador DT, do seguinte teor literal:

*"En resposta a súa providencia relativa á **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA O EDIFICIO DESTINADO A NOVAS TECNOLOXÍAS NA PRAZA ANXO FERNÁNDEZ***



CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Acta equipamento informático NT 18-04-2016

Asunto:

GÓMEZ DE LUGO (Proxecto 13UR1101 URBAN Edificio novas tecnoloxías) E O CENTRO CULTURAL DO VELLO CÁRCERE (Proxecto 09UR2201 URBAN Centro Social e Cultural Antigo Cárcere). REF 33-2015, en relación ás aclaracións realizadas pola empresa NORTCONSULTING SISTEMAS SLU con data do 8 de febreiro de 2016, en resposta ao informe emitido por este Servizo, con data do 22 de xaneiro de 2016 no que se indicaba que "a empresa adjudicataria non se axusta ao prego técnico", compre informar:

- 1) Con respecto á aclaración número 1, refírese a dous ordenadores iMac de 27" con "turbo boost de ata 4,4 GHz", a empresa indica que o procesador i5 que se pide en primeira opción, ten un turbo boost máximo de 3,9 GHz, polo que non é posible subministrar un iMAC con turbo boost a 4,4GHz.

Segundo se indica no PPT, as especificacións esixen procesador "Intel Core i5 de catro núcleos a 3,3 ou 3,5 GHz ou Intel Core i7 de catro núcleos a 4 GHz" o que permitiría ofertar calquera dos dous procesadores i5 ou i7; sen embargo, o PPT tamén especifica para ditos equipos "Turbo Boost de ata 4,4 GHz", frecuencia que non se atopa dispoñible para ningún dos dous procesadores (o máis parecido sería a de ata 4,2 GHz que proporciona opción do procesador Intel Core i7). Por isto, é claro que hai un erro no prego de especificacións técnicas, polo que **debe considerarse perfectamente válida a opción do procesador Intel Core i5 co turbo boost de máxima frecuencia (3,9GHz)**.

- 2) Con respecto á aclaración número 2, o PPT esixe para as ditas impresoras 2 caixóns de papel de 500 follas e unha bandexa auxiliar de 100 follas, en troques dos dous caixóns de 250 follas ofertados pola mercantil, ao que empresa resposta que se trata dunha errata e que debería poñer 2 Casetes de 500 follas e unha bandexa auxiliar de 100, **polo que cumpriría coas especificacións do PPT.**
- 3) Con respecto á aclaración número 3, a empresa indica que a altura do soporte co televisor que se oferta chega ata os 2,5 mts de altura, **polo que cumpre coas especificacións do PPT.**
- 4) Con respecto á aclaración número 4, a empresa indica que as 4 licenzas de Adobe Photoshop (suscripción anual) actualizaranse durante os 4 anos que esixe o PPT, **polo que cumpriría coas especificacións do mesmo.**
- 5) Con respecto á aclaración número 5, respecto das dúas licenzas de Autocad LT 2016 con suscripción Autocad LT, a mercantil oferta o mantemento máximo fixado pola política de licenzamento da empresa Autodesk (3 anos), e indican que quedan á disposición do Concello para ofrecer o carto ano de mantemento, segundo o sistema de suscripción vixente ao remate dese período, polo que entendo que ao transcorrer os tres anos, procederán á contratación do carto ano de mantemento. Nese caso, **cumpriría coas especificacións do PPT.**
- 6) Con respecto á aclaración número 6, a empresa aduce que se trata doutra errata, e que onde indica 3 anos de garantía para os ordenadores e impresoras, en realidade está a ofertar os 4 anos de garantía do fabricante que se solicitan no PPT, polo que **entendo que tamén cumprirá coas especificacións do mesmo.**


Polo exposto, a oferta presentada pola compañía NORTCONSULTING SISTEMAS SLU, xunto coas aclaracións aportadas no trámite de audiencia á mesma, cumpre coas especificacións técnicas obxecto da presente contratación ás que se refire o informe do Servizo de Informática con data do 22 de xaneiro de 2016.

É canto procede informar.”

Tras a realización dun breve análise desta documentación por parte dos integrantes da mesa de contratación, podese concluír á vista do informe emitido polo analista programador de data 6 de abril de 2016 mais o indicado polo técnico de informática presente na mesa de contratación, que as aclaracións realizadas pola empresa NORTCONSULTING SISTEMAS S.L deben ser admitidas, entendendo que cumpre co establecido nas prescripcións técnicas aprobadas polo Concello, polo que a mesa de contratación acorda ratificar a proposta de selección realizada o 21 de decembro de 2015.

Sen mais asuntos que tratar, concúe a sesión ás 13:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.


O PRESIDENTE



Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz